

O pasado 14 de maio, os Delegados do Persoal de Administración e servizos, e a Xerencia da Universidade de Vigo, asinamos o acta de mediación proposta por vostede, que puxo fin o período de negociación do Artigo 35 do II convenio colectivo do Persoal de Administración e servizos, e a Xerencia da Universidade de Vigo relativo á homoxeneización retributiva.

Tal e como reflicte o citado acta, no seu punto 4. a Xerencia remitiu ó mediador a certificación detallada, por categorías, certificado que servirá a tódolos efectos como determinación da homologación retributiva.

A citada certificación foi entregada ós delegados dos Comités de empresa e tras revisala atopamos unha serie de cuestións que nos xeran moitas dúbidas.

Por este motivo, os delegados de persoal e sindicais, que asistimos ás diferentes reunións da mediación, solicitamos ter unha reunión con vostede e a xerencia da Universidade de Vigo.

Tendo en conta que o próximo xoves 25 de xuño temos convocadas asembleas de traballadores, precisaríamos ter esta xuntanza o antes posible.

Sen outro particular, reciba un cordial saúdo

Marcos Estévez Orge

Presidente do Comité de Empresa de Pontevedra

Vigo, 17 de xuño de 2009



Recibí: 17/6/09

A/A José M^a Casas de Rón. Mediador no procedemento de mediación promovido ó abeiro do estipulado no AGA (Espediente AGA 18/09)